



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza organiza unha charla informativa sobre seguridade

Será o venres 11, ás 21:30 h na Biblioteca Pública de Cuntis (Casa da Cultura Roberto Blanco Torres) e estará impartida por axentes da Comandancia da Guardia Civil de Vilagarcía de Arousa. Abordará diversos aspectos, consellos e recursos en materia de seguridade sobre situacións do día a día.

Cuntis, 7 de maio de 2018. Este venres ás nove e media da noite, na Casa da Cultura Roberto Blanco Torres, Veciñanza organiza unha mesa informativa na que se abordarán aspectos relacionados coa seguridade das persoas no día a día. Consellos, recursos e situacións que acotío suceden e nas que non sempre existe claridade para actuar. Estará impartida por axentes da Comandancia da Guardia Civil de Vilagarcía de Arousa. Levará por título: “Seguridade: consellos e recursos”.

